



**CONCELLO DE VIGO**

Expte. 1773/1102

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión do 30 de OUTUBRO de 2024**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D<sup>a</sup>. Ana M.<sup>a</sup> Mejías Sacaluga  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D. Jaime Aneiros Pereira  
D. Angel Rivas González

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e corenta e cinco minutos do día trinta de outubro de dous mil vinte e catro e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno local, Sra. Gallardo Fariña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(866).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión segundo consta nas dilixencias dos servizos incorporadas nos expedientes que se someten a aprobación na presente sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

**2(867).-EXECUCIÓN DA SENTENCIA DO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO, POLA QUE SE AMPLÍA A LIQUIDACIÓN DO LOTE DOUS DO CONTRATO PARA A XESTIÓN MEDIANTE CONCESIÓN DE SERVIZO PÚBLICO DE APARCADOIROS SUBTERRÁNEOS DE USO MIXTO EN DIFERENTES LUGARES DA CIDADE. EXPTE. 4797/449.**

Visto o informe de fiscalización do 22/10/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 02/10/2024, asinado pola xefa do Servizo de Transportes e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**1 ) ANTECEDENTES:**

**PRIMEIRO:** En data 29 de xaneiro de 2021 a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte Acordo:

1o.- Estimar as alegacións formuladas por D. CARLOS M. PAZ COSTAS, en nome e representación de PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S. A., en escrito do 17 de setembro, nos termos recollidos no fundamento xurídico VI deste escrito.

2o.- Estimar parcialmente as alegacións formuladas por Da. CRISTINA PEDROSA LEIS, Administradora Concursal de COCHERAS OLIVICAS DE PUENTES, S.A.U. EN LIQUIDACIÓN, en sendos escritos do 18 de setembro e o 29 de setembro de 2020 de contido idéntico, consonte ó especificado no fundamento xurídico VI deste escrito.

3o.- Liquidar o lote 2 do contrato de concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade de Vigo. A liquidación arroxa un saldo favorable ao contratista de 7.651.450,06 euros, tal e como despréndese do informe da responsable do contrato de data 28 de xaneiro de 2021, e que consta no expediente.

4o.-Aboar ó contratista os xuros da cantidade resultante da liquidación dende o 16/08/2018. A data 31/12/2020, esta cantidade ascende a 544.641,74 euros.

Ano 2018, 136 días, tipo 3%: 85.557,74 euros

Ano 2019, 365 días, tipo 3%: 229543,50 euros

Ano 2020, 365 días, tipo 3%: 229543,50 euros

5o.- Instar do órgano competente a incoación de expediente de suplemento de crédito para dotar a aplicación orzamentaria correspondente do importe necesario para proceder ao aboamento da liquidación.

6o.- Incoar expediente de gasto para proceder a aboamento a COCHERAS OLIVICAS DE PUENTES, S.A.U. EN LIQUIDACIÓN 7.651.450,06 euros. Este aboamento queda condicionada á existencia de crédito suficiente e adecuado,



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1773/1102

unha vez entre en vigor a modificación presupostaria referida no punto anterior.

7o.- Cancelar as garantías definitivas constituídas por COCHERAS OLIVICAS DE PUENTES, S.A.U. EN LIQUIDACIÓN para responder deste contrato: Aval do Banco de Galicia para responder da construción dun aparcadoiro na rúa Rosalía de Castro, depositado na Tesourería municipal co número de operación 2007000057122, por un importe de 765.013,59 euros.

Aval do Banco de Galicia para responder da xestión dos aparcadoiros, depositado na Tesourería municipal co número de operación 2007000057122, por un importe de 300.000 euros.

8o.- Notificar este acordo á Administración concursal”.

Na data 18 de novembro de 2021, foi abonada a Cocheras Olívicas de Puentes S.A.U. en liquidación, a cantidade de 8.310.863,55 €, dos que 7.651.450,06 € correspondían a indemnización pola resolución do contrato, e 659.413,49 € eran os xuros pola devandita contía dende o 10 de febreiro de 2018.

**SEGUNDO:** O Acordo da Xunta de Goberno Local de data 29 de xaneiro de 2021 foi recorrido por Cocheras Olívicas de Puentes S.A.U ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Vigo, sendo resolto o recurso contencioso administrativo por Sentencia de data 18 de setembro de 2023 pola que se estima parcialmente o mencionado recurso contencioso-administrativo interposto contra o mencionado Acordo, e anulado na parte afectada polos seguintes pronunciamentos :

“1.-Debo declarar y declaro que a liquidación do contrato ascende a 12.597.036,33 euros; dado que o Concello sinalo una liquidación de 7.651.450,06 euros, procede engadir a cantidade de 4.945.586,27 euros, a cuxo pago condeno a Administración demandada.

2.-Sobre a cantidade total (12.597.036,33 euros) se aplicará o interese legal do diñeiro, computado desde o día 10 de febreiro de 2018 e até a data do pago.”

**TERCEIRO:** Pola representación do Concello de Vigo de Vigo foi interposto recurso contencioso-administrativo de apelación contra a anterior Sentencia, recurso que foi resolto polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en Sentencia de data 19 de xuño de 2024 co seguinte contido :

“ DESESTIMAR el recurso contencioso-administrativo de apelación promovido por la representación procesal del Ayuntamiento de Vigo contra la Sentencia de fecha 1809/2.023 dictada por el Juzgado de lo Contencioso-Administrativo núm. 1 de Vigo, -que estima parcialmente el recurso contencioso interpuesto por Cocheras frente a la actuación impugnada “

**CUARTO:** Polo exposto e ante o contido das sentencias precedentes, procede abonar a cantidade de 4.945.586,27 € en concepto de liquidación pola diferenza entre a cantidade 12.597.036,33 € fixada na Sentencia de data 18 de setembro de 2023, e a cantidade xa abonada de 7.651.450,06 € na data 18 de novembro de 2021, cantidade a que haberá que engadir a contía correspondente aos xuros legais dende o 10 de febreiro de 2018 que serían 2.598.713,95 €, computados até o 31 de outubro de 2024, data probable de pago, aos que habería que descontar 659.413,49 € xa pagados, polo que a cantidade correspondente aos xuros será de 1.939.300,46 €, polo que a modificación orzamentaria para facer fronte a Sentencia terá que ser por importe de 6.884.886,73 €.

**QUINTO:** Na data 10 de xullo de 2024 como o servizo xestor non dispón de recursos para afrontar o emprego solicitou a tramitación dunha modificación de crédito financiado co recurso financeiro que conforma o Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais pola seguinte contía: 6.884.886,73 €.

**SEXTO:** O Pleno da Corporación en sesión de data 24 de setembro de 2024 aprobou definitivamente a Modificación Orzamentaria número 11,11A/ 2024, correspondente ao expediente nº 86 / 142, na cal esta incluída a modificación solicitada polo servizo de transportes para facer fronte ao mencionado pago, aprobación que foi publicada no BOPP de data 27 de setembro de 2024 .

## **RÉXIME XURÍDICO**

Conforme ao disposto no artigo 127.1 g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, corresponde á Xunta de Goberno Local: “O desenvolvemento da xestión económica, autorizar e dispoñer gastos en materia da súa competencia, dispoñer gastos previamente autorizados polo Pleno, e a xestión do persoal”, polo que sendo competencia da XGL a aprobación da liquidación do contrato, corresponde á mesma a autorización e disposición do gasto correspondente.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno local, previo informe da Intervención Municipal a adopción do seguinte

### **ACORDO**

Autorizar e dispoñer o gasto, recoñecer a obriga, así como realizar o pagamento a favor da empresa COCHERAS OLIVICAS DE PUENTES, S.A.U. EN LIQUIDACIÓN polo importe de **6.884.886,73 €**. correspondente a liquidación do lote 2 do contrato de concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade de Vigo, pola diferenza entre a cantidade 12.597.036,33 € fixada na Sentencia de data 18 de setembro de 2023, e a cantidade xa abonada de 7.651.450,06 € na data 18 de novembro de 2021, que é un importe de 4.945.586,27 mais os xuros legais correspondentes a citada cantidade dende o



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1773/1102

10 de febreiro de 2018 até o 31 de outubro de 2024, data probable de pago, por un importe de 1.939.300,46 € . que resulta da contía total de xuros de 2.598.713,95 € e os pagados na data 18 de novembro de 2021, pola contía de 659.413,49 €.

O pagamento realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 9330.6220060, proxecto contable 21933060.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás trece horas e cincuenta minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez